



*Esas si que son follas de limón
comer e beber e traballar non
e traballar non e non traballar
esas si que son follas de olivar.*

O noso cura cando saíle
déixalle dito á criada
“Veña tarde veña cedo
déitate na miña cama.”

*Esas si que son follas de olivar
comer e beber e non traballar
e non traballar e traballar non
esas son follas de limón.*

Alá arriba non sei donde
había non sei que santo
que rezando non sei qué
concedía non sei canto.

*Esas si que son follas de limón
comer e beber e traballar non
e traballar non e non traballar
esas si que son follas de olivar.*

Ó cura de Escravitud
saíulle a burra preñada
e agora vai ás procesións
a cabalo da criada.

*Esas si que son follas de limón
comer e beber e traballar non
e traballar non e non traballar
esas si que son follas de olivar.*

- Esta es lenta muy lenta, o sapo choroso. Esta la hay ahora pero es el tono moderno yo la se en el tono antiguo, en el viejo.

Na aldea lexana
fumeaban as tellas
por entre os petoutos
poñíase o sol.

(...) Toca as palmas.

Polas augas dun regueiro
eu gastar gastei os cartos
pero amolar amoleino.



Entrade mociños entrade
entrade pola porta adentro
quen me dera a min que entrara
quen teño no pensamento.

Ailalelo, ailala...